



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MENTORING FP

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo da posibilidade de prórroga por un período máximo de 4 anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do Programa Mentoring FP no marco do Plan DigiTalent, dirixida ao alumnado de Ciclos Superiores e Cursos de Especialización de Formación Profesional das familias profesionais de Electrónica e Electricidade e Informática e Comunicaci3ns.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecuci3n do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte *Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos* que no seu artigo 9 establece que a Amtega ten entre as súas competencias o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da informaci3n e as comunicaci3ns e a súa aplicaci3n para a modernizaci3n, innovaci3n e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra banda, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da súa Direcci3n Xeral de Formación Profesional ten atribuído o exercicio de, entre outras, as competencias e funci3ns correspondentes ao desenvolvemento de proxectos de innovaci3n profesional e ordenaci3n e desenvolvemento



de cualificación da cidadanía para a súa inserción laboral orientada ao posta en marcha e desenvolvemento dos seus proxectos vitais.

Existe unha correspondencia entre os obxectivos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Amtega e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

O presente Convenio non supón a obriga de achegas económicas para as partes.

Por todo o exposto, considérase de gran interese a colaboración das partes asinantes, non sendo posible promover a concorrência pública resultando, polo tanto, de aplicación o artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela,

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

José Luis Somoza Digón

